

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VEDRA E A SOCIEDAD DE CAZA
RIBADULLA-VEDRA**

En Vedra, a 14 de febreiro de 2019


REUNIDOS

Dunha parte, D. Carlos Martínez Carrillo, con DNI núm. 33.284.493 C, na súa calidade de Alcalde-Presidente do CONCELLO DE VEDRA, con CIF P1509000D, e domicilio en Avda. Mestre Manuel Gómez, 1, 15885, Vedra (A Coruña).

Doutra, D. José Iglesias Vilaboa, con DNI núm. 76499300N, na súa calidade de presidente da SOCIEDAD DE CAZA RIBADULLA-VEDRA (inscrita no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Vedra co número 22) e en representación da mesma, con CIF G-15393549 e domicilio no lugar de Fontao, 3, Vedra, 15885, Vedra.

Ambos interveñen en función dos cargos que ocupan e recoñécense a capacidade xurídica necesaria para formalizar o presente convenio e para o seu efecto.

EXPOÑEN


Primeiro.- que a SOCIEDAD DE CAZA RIBADULLA-VEDRA ten xa unha dilatada e recoñecida traxectoria no ámbito deportivo da cinexética ; sendo organizadores de eventos de caza dentro do territorio municipal. Todo esto supón un enorme esforzo económico para a dita asociación, que por outra banda, e dada a disciplina da que se trata, ten moi limitado a súa capacidade de xerar ingresos.


Segundo.- que o concello de Vedra, dentro das súas funcións que lle son propias segundo a Lei de bases de réxime local, segundo o disposto no artigo 25.2m, ten como unha das súas finalidades o desenvolvemento de actividades deportivas e de ocupación do tempo libre, dentro do seu territorio.

Terceiro.- que a suscrición deste convenio é un xeito de mellorar a eficiencia da xestión pública, facilita a utilización conxunta dos medios e servizos públicos, contribúe á realización de actividades de utilidade pública e cumpre coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Aplicando o disposto nas seguintes leis e disposicións: a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; c) Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; f) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Cuarto.- que as Institucións que comparecen concordan en asinar un convenio de colaboración mutua que se rexirá pola seguintes

CLAUSULAS

Primeira.- actividade da SOCIEDAD DE CAZA RIBADULLA-VEDRA.

A SOCIEDAD DE CAZA RIBADULLA-VEDRA comprométese a ofertar á veciñanza de Vedra, a participación nas disciplinas de caza, poñendo a disposición desta actividade os medios materiais e humáns necesarios para o correcto desenvolvemento destas actividades.

Segunda.- Achega económica do concello.

O concello de Vedra, dado o interés deportivo e social da actividade desenvolvida pola SOCIEDAD DE CAZA RIBADULLA-VEDRA comprométese a facer unhaachega de mil euros (1.000€). O pagamento farase efectivo no número de conta da SOCIEDAD DE CAZA RIBADULLA-VEDRA.

En todo caso, as achegas comprometidas non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

Para ditas achegas existe a aplicación presupostaria 341-48000 que queda financeiramente comprometida.

Terceiro.- denominación e publicidade.

A SOCIEDAD DE CAZA RIBADULLA-VEDRA, mentres subsista o convenio, comprométese a incluír en todo tipo de material publicitario ou de difusión o anagrama do Concello de Vedra, indicando claramente a súa participación como colaborador. Así mesmo, calquera información nos medios de comunicación (prensa escrita, radio, internet, boletíns ou notas internas da sociedade, caso de existir,...) deberá aludir á colaboración do Concello de Vedra.

Cuarto.- trámites preceptivos para suscrición do convenio.

A SOCIEDAD DE CAZA RIBADULLA-VEDRA presentará unha memoria de actividades e unha memoria económica para o citado período. O contido da dita memoria debe ser suficiente para analizar a necesidade, oportunidade, impacto económico e o carácter non contractual da actividade en cuestión.

Quinto.- compromiso da SOCIEDAD DE CAZA RIBADULLA-VEDRA

Pola súa banda, a SOCIEDAD DE CAZA RIBADULLA-VEDRA, colaborará a través dos seus integrantes, de balde, na organización de calquera acto ou evento deportivo organizado ou celebrado no concello de Vedra cando así sexa requerido para isto.

En todo caso, participarán co Concello de Vedra en todas as campañas que fosen necesaria para control de pragas ou descontrois de pezas de caza (velutinas, xabarín, raposo,...)

Sexta.-Comisión de seguimiento.

Para a vixianza e control da debida ejecución do convenio e dos compromisos asumidos polas partes asinantes créase unha comisión de seguimento que estará integrada polo Sr. Alcalde, polo Concelleiro de Deportes, Novas Tecnoloxías e Comunicación Social (ou persoas en quen deleguen) e polos Presidente e Secretario da SOCIEDAD DE CAZA RIBADULLA-VEDRA.

Esta comisión resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xerarse respecto do convenio.

Sétima.- Modificación do convenio

As modificacións do contido do presente convenio requerirá acordo unánime dos asinantes.

Oitava.- duración do convenio.

Trátase dunha axuda puntual que deberá ser renovada expresamente.

Novena.- extinción do convenio.

O presente convenio extinguirase por cumprimento das actuacións que constitúe o seu obxectivo o por incorrer en causa de resolución.

Serán causa de resolución:


- a) Transcurso do prazo de vixencia do convenio sin terse acordado prórroga do mesmo.
- b) Acordo unánime de todos os asinantes.
- c) Incumplimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requerimiento para que cumpla nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. O dito requerimiento será comunicado á comisión de seguimento e aos demais asinantes. Si transcorrido o prazo indicado no requerimiento persistira o incumplimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conllevar a indemnización por prexuzos causados si estiveran previstos.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas no convenio e noutras leis.

Décima.- Indemnizaciós por incumplimento.

En caso de incumplimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes será a Comisión de Seguimento quen determine a posible indemnización á que este incumplimento dése lugar. A cuantía resultante deberá de ser xusta e equilibrada co prexuizo ocasionado.

Décima primeira.- para todas as cuestiós litixiosas que puideran derivarse do presente convenio, ambas partes sométense ao foro exclusivo dos tribunais e xulgados deo domicilio da administración, renunciando expresamente o adxudicatario ao foro do seu xuiz e domicilio.

O que asinan ambas partes en probar de conformidade e consentimento na data referenciada no encabezado.



A handwritten signature in black ink, appearing to read "Daniel Gómez".

